Intervención do presidente do Parlamento de Galicia na clausura da xornada sobre Domingo Fontán

Portas (Pontevedra), 16-12-2017 // 12,00h.

Alcalde de Portas,
Secretario xeral de Cultura,
Presidenta da Asociación Domingo Fontán,
Conferenciantes,
Señoras e señores:

Moitas grazas, en primeiro lugar, a todos os expertos que hoxe nos acompañan e ilustran coa súa erudición, atendendo a invitación do Parlamento de Galicia, para, desde unha óptica multidisciplinar, afondar no coñecemento e contribuír a divulgar entre o gran público a figura do científico galego Domingo Fontán.

Agradecemento tamén, por suposto, ao alcalde de Portas e á súa concelleira de Cultura (que ademais é deputada no Parlamento de Galicia); á Asociación Domingo Fontán, pola colaboración brindada para organizar este acto; e ao secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola súa presenza.

Algúns preguntarán polas razóns que levaron o Parlamento de Galicia a organizar esta xornada. A resposta é ben sinxela: render homenaxe e enxalzar a personalidade e o traballo de Domingo Fontán. Falo dun galego e un científico exemplar, pioneiro en moitos ámbitos; tan inxustamente tratado no seu tempo como esquecido despois da súa morte, malia que o seu principal traballo —a denominada *Carta Xeométrica de Galicia*, que comezou a elaborar en 1817, hai agora 200 anos— fose unha iniciativa absolutamente pioneira no seu momento e que seguiu sendo útil ata ben entrado o século XX.

Seguimos a senda marcada por unha proposición non de lei aprobada por unanimidade no seo da Comisión 4ª, Educación e Cultura, do Parlamento de Galicia o pasado mes de abril para difundir a vida e a obra de Domingo Fontán ao se cumprir o segundo centenario do inicio dos traballos da *Carta Xeométrica de Galicia*, un orixinal da cal se pode visitar na Cámara Galega.

Celebramos este acto en Portas, terra natal do científico, porque consideramos que o Parlamento de Galicia debe saír do Pazo do Hórreo cando sexa posible, como vimos facendo dun tempo a esta parte na procura dunha maior difusión e coñecemento da institución.

Logo das diversas e sempre ben documentadas intervencións que levamos escoitado ao longo desta mañá, sería intelectualmente temerario, pola miña parte, tratar de perfilar unha semblanza biográfica de Domingo Fontán. Iso xa o fixeron os diferentes expertos que participaron nesta xornada, a través de versadas e amenas intervencións.

Porque, en efecto, Domingo Fontán constitúe un exemplo para todas as galegas e galegos e, sobre todo, para os estudantes, que se forman como persoas e como profesionais.

Foi a de Domingo Fontán unha personalidade poliédrica. Pasou á historia como o autor do primeiro mapa de Galicia elaborado con criterios científicos, consecuencia, seguramente, da súa condición de home adiantado ao seu tempo, tamén en materia pedagóxica.

Posuidor de coñecementos enciclopédicos, debecía por transmitilos e probablemente por iso foi un dos primeiros catedráticos que deixou de utilizar o latín na Universidade de Santiago. O mestre, excelente latinista, sabía ben que os estudantes non dominaban a lingua clásica. Se non sabían latín, dificilmente poderían aprender as matemáticas que nesa lingua se impartían ata entón. Unha decisión lóxica, pero non exenta de desgustos para quen optou por tal camiño.

E foi tamén Fontán un namorado de Galicia. «Ninguén chegou a coñecela mellor», en palabras doutro erudito, o tamén pontevedrés Xosé Filgueira Valverde.

Fontán arelaba o mellor para Galicia e estaba convencido de que ningunha das súas grandes carencias podía ser abordada cunhas mínimas garantías sen dispoñer previamente dunha cartografía fiable. Tardou case 20 anos e tivo que superar mil e un impedimentos, pero foi quen de elaborar o mellor e máis completo mapa de Galicia existente ata entón.

Galicia, sempre presente, ocupa tamén boa parte do quefacer de Fontán como deputado a Cortes en tres etapas diferentes.

Igual que o conxunto de España, Galicia foi, tamén, con frecuencia, ao longo da historia, vítima dunha lenda negra que os propios galegos chegamos a asumir e interiorizar en forma de complexos de inferioridade ou de baixa autoestima colectiva. Recordamos as desgrazas e a miseria, mais ignoramos, por un descoñecemento que temos a obriga de superar, xestas e personalidades realmente admirables, feitos e traballos heroicos protagonizados por galegos e galegas coma Domingo Fontán, inxustamente abeirados co paso dos anos. Fontán, coma tantas e tantos outros, debe ser motivo de orgullo para todos nós e así o queremos reivindicar hoxe. Porque é de xustiza.

Foi a *Carta Xeométrica de Galicia* un documento científico de valor excepcional desde a terceira década do século XIX, pero foi tamén un elemento simbólico extraordinario, tanto para os intelectuais como para o conxunto do pobo galego.

Era tal a fascinación de Otero Pedrayo por este mapa que, ademais de facelo presente en *Arredor de si*, Don Ramón levouno consigo na viaxe que efectuou a Buenos Aires no inverno austral de 1947, cando tivo ocasión de manter as derradeiras conversas con Castelao.

Recordaba Don Ramón a explosión de sentimentos, a emoción que se produciu cando estendeu o Mapa nunha sala de conferencias na Arxentina.

«Centos de olladas galegas o consideraron —escribiu o señor de Trasalba—. En moitas houbo báguas, en todas a lediza dunha revelación, lembranza feita de súpeto corpo e claridade diante os ollos. Naquila conferencia douse un caso maravilloso e quizáis único na historia das conferencias: era o mapa quen guiaba e falaba polas palabras do conferenciante, quen repetía como un `altoparlante´ o que baixiño decían a frase do vento nas carballeiras, o devalar das ondas noa areales, o madurecer dos pomareiros, e aquil devalar maino e potente da lingua galega no seu ámbito, berce e altar. (…)».

«E coa derradeira frase ritual das conferencias comezou a interna lección do mapa. Agora falaba baixiño ao ouvido e ao corazón de cada un. Tiña pra todos amores e lembranzas. Dedos murchos de vellos que treman ser enterrados en `Chacarita´ procuraban polo Salnés, por Lemos, tocar un nome, seguir un camiño de rapaces e primaveira. Mans de nais guiaban aos seus fillos, mostrándolles no mapa términos e paisaxes amados como nun Nacimento se mostran os vieiros dos Magos e dos Pastores. Homes de traballos e azares tiñan expresións graves e conmovidas. E cando no balbordo das conversacións e lembranzas poido franquearse un camiño, unha señora velliña co seu sombreiro e abrigo de outro tempo, chegándose guiada por un instinto de amor, bicou longamente un nome no mapa. Toda a grandeza da Carta Xeométrica de Fontán viuse aloumiñada por unha divina claridade de consolo».

Ninguén mellor ca Otero Pedrayo para evocar a grandeza deste Mapa: obra da ciencia e ferramenta de progreso para unha terra e un tempo no que ciencia e progreso escaseaban: mais tamén un elemento de culto simbólico, o que profesan as fillas e fillos de Galicia, onte, hoxe e sempre, á terra nai.

Moitas grazas.